

ACTUALIZACIÓN NÓMINAS CO INCREMENTO DO 2% NA NÓMINA DE XULLO APLICACIÓN DO ACORDO MARCO PARA UNHA ADMINISTRACIÓN DO SÉCULO XXI, ASINADO POR UGT

Santiago de Compostela 16/07/24

Publicada en DOG a [Orde pola que se ditan as instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2024 e se actualizan as contías das retribucións en aplicación do Real decreto lei 4/2024, do 26 de xuño.](#)

UGT no ano **2022** asinaba o **Acordo marco para unha Administración do século XXI**, no que as subidas acumuladas de 2022 e 2023, e respecto das contías vixentes ao 31 de decembro de 2023 contempla o incremento do 2% dende o 1 de xaneiro de 2024, e falta outro 0,5% adicional xa que novamente se cumpren os criterios para a súa percepción.

A **disposición adicional oitava da Lei de orzamentos da C.A. de Galicia** establecía que as retribucións do persoal do sector público previstas para o ano 2024 serían **obxecto de adecuación** ao previsto no **Acordo** antedito, no momento en que se habilitase pola normativa básica do Estado.

O 27 de xuño do 2024, publicouse no BOE o Real decreto lei 4/2024, que establece un **aumento do 2%** sobre as retribucións do persoal do sector público, con **efectos do 1 de xaneiro de 2024**.

UGT solicitou, en días pasados, ao **Goberno da Xunta de Galicia** a **axilización dos trámites** necesarios a fin e efecto de que o persoal empregado público vise reflectido nas súas nóminas o acordo asinado por esta organización.

Para **actualizar as retribucións**, o Goberno dita esta **nova orde de confección de nóminas** que substitúe a vixente, que **habilita o pago cos atrasos** na nómina do mes de **xullo**.

